



Mal comezo.

Comezou a competición copeira na categoría de cadetes e o Numancia viuse superado por un rival máis centrado e acertado. Con 0 a 2 chegouse ó descanso e o partido rematou con vitoria visitante do Ortigueira por 0 a 3.

Prados Vellos, 17 de setembro de 2011

#### ALINIACIONES:

NUMANCIA: Roberto (Kike 41'), Marcelo, Alberto (Miguel 15'), Adrián, Sergio, Martín, David, Miguelito (José Manuel 52'), Ángel (Brais 58'), Ivan e Andrés Novoa.

ORTIGUEIRA: David Prieto, Adrián Martínez, Brais López (Carlos Docal 61'), Sergio Maseda, Rubén Janeiro, Miguel Rubinos, Julián Ramírez (Antón Lorenzo 64'), Borja Ben (Diego Pita 48'), Antonio Breijo (Daniel Martínez 63'), Álvaro Prieto e Manuel Piñeiro (Luís López 41').

COLEXIADO: D. Borja Gundín Barreiro (Delegación de Ferrol). Amonestou a Miguelito e Sergio polo Numancia.

#### GOLES:

Ortigueira: Antonio Breijo (3).

0-1. 9'. Un balón ás costas da defensa e Antonio Breijo aproveita para lixeiramente dentro da área anotar para o equipo visitante e abrir o marcador.

0-2. 11'. Novo balón ás costas con entrada por banda esquerda de novo de Antonio Breijo que finaliza cun balón cruzado ante a saída de Roberto.

0-3. 58'. Mala execución dun corner a favor do Numancia que facilita un saque rápido do porteiro en longo, o balón cae en campo local encadenándose un erro da defensa e facilitando a consecución do gol de Antonio Breijo que eleva o balón ante a saída de Kike.

O conxunto de Ortigueira presentouse en Ares con un equipo superior físicamente ós locais. Ademais os visitantes estaban mellor asentados no campo. Con todo o partido veuse condicionado pola lesión do central numantino Alberto, que no minuto 8' saíu do campo para

ser atendido i estando fora do terreo de xogo chegou o primeiro tanto visitante. A pesar de voltar o terreo de xogo tería que abandonar definitivamente a participación no encontro no minuto 15. Dende o minuto 9 ata o 11 o desaxuste defensivo dos de Ares propiciou que os locais encaixaran dous goles o primeiro en inferioridad numérica. Tamén en ese curto espacio de tempo Miguelito viu a tarxeta amarela por unha entrada ó borde da área.

Con 0-2 no marcador os visitantes pasaron a controlar o xogo i os locais seguiron sen acerto no pase, os dianteiros numantinos perdíanse entre a defensa do Ortigueira, non se producían desmarques e case sempre se reaccionaba con lentitude no xogo. Ante a falta de combinacións buscaronse balóns en longo, pero a maior embergadura da defensa visitante anulaba calquera posibilidade de perigo local.

Na segunda metade o Numancia modificou o sistema de xogo e buscou a entrada por bandas, chegábase mais ó área visitante pero aínda non se finalizaba có suficiente perigo. Pero un erro en cadea no minuto 58 permitiu o Ortigueira pechar o encontro con 0-3 definitivo. Dende ahí ata o final, viuse un Numancia que atacaba sin moita decisión i un Ortigueira controlando o xogo. A impotencia fixo que Sergio acabara vendo a tarxeta amarela no 74' por unha entrada a un contrario ó borde da área.

En resumo un mal comenzo, condicionado pola lesión de Alberto, pero que nos ten que servir para mellorar e correxir erros. Felicitar ó equipo do Ortigueira pola vitoria e animar ós nosos, en especial a Alberto para que se recupere pronto, esperando que na vindeira xornada donde teremos unha proba dura ante o Galicia de Caranza, amosemos unha mellor imaxe.

Para ver máis fotos do partido ofrecidas pola web do Ortigueira [PICA AQUI](#).